

Sobre primeiros documentos en galego do mosteiro de Santa Comba de Naves

Pedro Dono López
Universidade do Minho

RESUMO: O presente artigo realiza unha aproximación ás primeiras manifestacións escritas do romance galego medieval dende a colección de pergamiños do mosteiro ourensán de Santa Comba de Naves. No marco das máis recentes contribucións á cuestión, aborda a emerxencia do galego reparando na relevancia da figura do notario no desenvolvemento da escrita romance. Achega ademais unha descrición dos principais trazos da nova escrita tendo en consideración os cinco documentos romances máis antigos do citado mosteiro, datados entre 1255 e 1279, cuxa edición completa o estudo.

Palabras chave: Galego medieval; emerxencia do romance escrito; documentos notariais.

ABSTRACT: The aim of this paper is to provide an approach to the oldest texts in Galician in the collection of mediaeval parchments of the Monastery of Santa Comba de Naves. Taking into account the most recent contributions to this subject, this study focuses on the emergence of written Galician, paying special attention to the relevance of the notaries at law in the development of the new written romance language. It, therefore, presents a study of the most relevant features of written Galician in the five oldest texts of Santa Comba, dated between 1255 and 1279. To complete the study an edition of these documents is included at the end.

Keywords: Mediaeval Galician; emergence of written Galician; notarial documents.

NOS ÚLTIMOS anos tense virado a atención para as primeiras manifestacións escritas do romance no occidente peninsular e o proceso de substitución do latín polo romance na escrita intrumental. Neste sentido, é xusto destacar a importancia, como desencadeante desta atención, da contribución de Martins (1999), que achega un conxunto de documentos datados entre 1175 e 1252 que integrarían a “primitiva produción portuguesa” xunto

Data de recepción: 27-10-2010 Data de aceptación: 11-01-2011.

á *Noticia de Torto* (ca. 1214-1216) e o *Testamento de Afonso II* (1214). Na esteira deste estudo, surxe un renovado interese polos comezos do romance instrumental, con destaque para a edición de diplomas, na que sobrancean os contributos de José António Souto Cabo sobre documentación galega e portuguesa. Ademais doutras publicacións deste autor que se citarán máis adiante, chamamos aquí a atención para Souto Cabo (2008a), onde se editan un total de 384 documentos notariais datados entre 1139 e 1270 que distribúe por tres conxuntos (26 diplomas latino-romances, 346 galego-portugueses e 12 galacio-leoneses), co obxectivo de, segundo o autor, “oferecer [...] uma base documental sólida que permita perceber o processo que levou à fixação do novo código scriptográfico romance na Galiza e em Portugal” (2008a: 9). Son de salientar igualmente, xa en relación con instrumentos galegos, os traballos de Monteagudo (2008), Boullón & Monteagudo (2009), Lorenzo (2007, 2009) e Gutiérrez Pichel (2008b, 2008c). O presente estudo pretende constituír unha achega para a definición dos parámetros de emerxencia da lingua, ben como para a caracterización da escrita deses primeiros documentos, sobre o caso do mosteiro ourensán de Santa Comba de Naves¹, priorado vencellado á abadía de Celanova².

1. SOBRE EMERXENCIA DO ROMANCE EN SANTA COMBA DE NAVES

Conviría antes de máis facer unha puntualización no referente ao entendemento que pensamos que se debe realizar do termo “emerxencia”. Na abordaxe da incorporación do romance á escrita instrumental acostuman empregarse termos como “transición” ou “proceso” que poden dar unha idea de progresividade ou gradualismo que, se ben están presentes en certo sentido na substitución escriptolóxica, non dan conta da complexa realidade destes feitos. Estamos con Monteagudo (2007: 296) cando di:

é enganoso concibir a evolución dos sistemas de escrita só ou fundamentalmente en termos de deriva diacrónica espontánea e puramente gradual, análoga á dos sistemas lingüísticos (nin sequera neste caso tal modelo é, en rigor, aplicable). En realidade, aquela evolución está marcada por cesuras, momentos críticos que se traducen en bruscas aceleracións do ritmo evolutivo ou viraxes inopinadas na súa orientación. Estes saltos cualitativos de importancia decisiva, que dificilmente teñen explicación nunha perspectiva puramente evolutiva (dunha deriva gradual e espontánea, queremos dicir), adoitan ser efecto da intervención efectiva dun daqueles centros [con capacidade para crear un sistema de escrita e con poder para implantalo].

1 Para a identificación arquivística dos pergamiños citados, emprégase unha referencia abreviada que se desenvolve no apartado dedicado á Bibliografía.

2 Os documentos en pergamiño deste mosteiro constitúen o obxecto de estudo da tese de doutoramento realizada baixo a dirección do profesor Ramón Lorenzo Vázquez.

Neste proceso de substitución lingüística do latín polo romance, entendido da maneira que acaba de ser exposta, vén sendo destacado o ano de 1255, tanto no ámbito galego como no portugués, como o comezo da definitiva instalación do vulgar nos instrumentos, a fronteira coa chamada “producción primitiva” (Castro 1991: 183)³, unha etiqueta que emprega Ivo Castro en relación coa “diminuta e esporádica produçãõ de escrita em português, anteriormente à sua adopção regular nas cortes de Afonso III e seu fillo” (2004: 108). A atención prestada nos últimos tempos a estas primeiras manifestacións escritas da lingua no ámbito instrumental⁴ supuxo a presentación de novos textos como os máis antigos escritos en romance. Desde Portugal estas achegas concrétanse nas propostas de Martins (véxanse, especialmente, 1999 e 2001), onde se postula a “Notícia de Fiadores de Paio Soares Romeu” (1175) como a primeira manifestación escrita do portugués, e de Souto Cabo (2003a), que chama a atención sobre o “Pacto de Gomes Pais e Ramiro Pais”, para o que propón unha data de redacción entre os anos 1169 e 1173⁵. Ambas as propostas non estiveron exentas de polémica sobre a identificación lingüística dos textos propostos⁶, contestando tanto Emiliano (2003)⁷ como Souto Cabo (2003a: 336-337, 339-341) o carácter portugués da “Notícia de Fiadores”.

No caso da documentación galega contributos recentes viñeron sobre todo descartar instrumentos que se databan na primeira metade do século XIII (cf. Lorenzo 2004b: 37-39). Así, dende a súa publicación por Romaní (1989: 316-317), víñase considerando o Testamento de Estevo Pérez como o máis antigo texto en galego, ao datalo en 1230, ano que se lle segue atribuíndo no posterior estudo do documento de Souto Cabo (1996) e que rectifica Tato Plaza (2004) para o ano 1260⁸; este mesmo autor (Tato Plaza 1997) xa

3 Propón a data o autor portugués tendo en conta que de 1255 son dous documentos romances procedentes da chancelaría de Afonso III, aínda que reconece que usa este ano “simbolicamente”, pois “não assinala nenhuma transformação importante” e “é apenas nos dez últimos anos do reinado de Afonso III [...] que se alarga e consolida o uso escrito da língua portuguesa nos documentos do governo” (Castro 2004: 107).

4 De determinados tipos textuais, como a poesía lírica ou o sermón, propicios para os primeiros ensaios da escrita romance (Monteagudo 2004: 58), non se conservan mostras orixinais. A posibilidade apuntada da existencia dun sermonario en galego a mediados do século XII (Monteagudo 1994: 171), a imaxe das *Homilies d’Organyà* para o catalán, resulta da interpretación errónea dunha referencia a un homiliario da biblioteca da mitra compostelá que se di “de littera galleca”, unha vez que a de “letra galega” era unha das designacións da hoxe coñecida como visigótica e non ten relación ningunha coa lingua en que o libro estaba escrito (Santos 1994: 69, 72 nota 2). Aceptou a hipótese Mariño (1998: 84, 141, 186) e, despois da rectificación de Monteagudo (1999: 112 e 2004: 58), aínda se recolle en Freixeiro (2006: 19).

5 Datación contestada en Martins (2007: 162 nota 1) que o considera de 1175. Sobre a cuestión pódese ver a síntese de Castro (2004: 121-125).

6 Para Lorenzo (2004b: 33) estes e outros documentos do século XII aducidos por Martins e Souto Cabo “ou ben son documentos híbridos latino-romances, ou ben son frases romances incrustadas en documentos latinos”. En sentido parecido se expresa Monteagudo (2007: 293): “os testemuños en foco poderán considerarse todo o máis precursores da escrita romance, pero non textos plenamente romances no senso que se adoita empregar a (*sic*) este termo —textos escritos en galego-portugués”.

7 A quen se responde en Martins (2004).

8 Rectificación, por certo, que non estivo exenta de polémica (cf. Lorenzo 2003: 162 e 2004b:37-38; Souto Cabo 2004: 586-587 e 2006: 55-57).

tiña excluído do repertorio de documentos máis antigos dous diplomas de Oseira, presuntamente do ano 1229. Máis recentemente, Monteagudo (2005) chamou a atención sobre a versión en romance do Foro do Burgo do Castro Caldelas, supostamente redactado en 1228, unha datación que contesta Souto Cabo (2006: 28-35)⁹. Posteriormente, o propio Monteagudo (2007: 311) insire o privilexio no abano temporal de 1228 a 1250, indicando ademais que non existe certeza sobre a data e avanzando una probable localización cronolóxica en ca. 1250, datación que confirma en Monteagudo (2008)¹⁰. Con todo, tamén se aducen novos pergamiños como integrantes da primitiva produción galega. Así, tendo en conta unicamente instrumentos orixinais e sen problemas de identificación lingüística, en Galiza hoxe coñecemos como primeiras manifestacións escritas da lingua dous documentos do mosteiro ourensán de Melón (Lorenzo 2003:162 e 2004b: 38): unha compravenda de 1231 (edición en Souto Cabo 2003b: 812-813, 2004: 596, 2008a: 51 e 2008b: 182-183) e un foro de 1233 (edición en Souto Cabo 2004: 597), este último parcialmente en latín¹¹.

Sexa como for, todas estas contribucións deseñan un panorama ben diferente daquel ata hai pouco existente, que se plasma en diferentes inventarios de pergamiños integrantes da produción primitiva. Considerando períodos temporais parcialmente diferentes, mais que non acostuman ir máis alá do ano de 1260, aparecen catálogos de documentos galegos en Boullón (2004), de textos galegos e portugueses en Souto Cabo (2004: 588; 2006)¹², de documentos portugueses en Martins (2007: 183-184) e de documentación das áreas galego-portuguesa e astur-leonesa en Monteagudo (2007: 310-311).

Nos pergamiños hoxe conservados do priorato de Santa Comba de Naves non contamos con ningún exemplar escrito en romance que poidamos remitir a ese período cronolóxico. Ata mediados do século XIII todos os diplomas de Santa Comba están escritos en latín, situación que se verifica na xeneralidade da documentación medieval galega, salvo escasas excepcións. Así, segundo Gutiérrez & Cabana (2007:131), para o período que abranxe da segunda metade do século XII ata 1250, só contamos cun total de 10 documentos en romance, concentrados no período 1231-1250, xunto a outros 39 de carácter híbrido. Con todo, os textos latinos de Santa Comba xa presentan elementos romances¹³,

9 En Monteagudo (2007: 304-305) respóndese a algún dos argumentos aducidos neste estudo.

10 Expresada nos seguintes termos: “atendendo a todo o conxunto de elementos de xuízo que levamos manexado (diplomáticos, paleográficos, scriptolingüísticos e históricos), estimamos que o traslado do orixinal latino debeu de ser efectuado contra os finais do reinado de Fernando III en Galicia e León ou nos primeiros do seu fillo Afonso X. Aínda que en teoría puido facerse en calquera momento a partir de ca. 1230, os elementos que levamos barallado apuntan claramente cara os arredores de 1250” (Monteagudo 2008: 266).

11 Sobre a polémica da descuberta destes documentos, véxase Lorenzo (2004b: 38) e Souto Cabo (2004: 585-586).

12 Neste segundo traballo inclúese ademais unha extensa crítica do citado elenco de Ana Isabel Boullón.

13 No traballo pioneiro de Veiga Arias (1983) recóllense numerosos exemplos de elementos románicos en textos latinos que testemuñan certos aspectos fonéticos do romance. Cunha perspectiva máis abranxente, abórdase a cuestión do galego no latín en Lorenzo (2003).

ben en forma de palabras illadas (sobre todo, elementos onomásticos), ben en fragmentos arromanzados máis ou menos extensos¹⁴, treitos estes que acostuman manifestarse na parte dispositiva do documento, ou sexa, onde fundamentalmente se consigna o negocio obxecto de escrituración, pois constitúe o fragmento do documento menos sometido a fórmulas estereotipadas, a máis variable do texto, polo que é “aí, onde o texto escrito, por veces, não reproduz palavras ou frases feitas, que desde mais cedo emergem novas tendências de representación gráfica que escapan às coordenadas scriptográficas latino-notariais” (Martins 1999: 495)¹⁵. Estas formas ou treitos romances, que se ben, como tradicionalmente se vén apuntando, podemos vencellar á impericia dos escribáns¹⁶, tamén encontran xustificación na “necesidade de precisión propia deles [dos documentos notariais] esixía o rexistro exacto de nomes de lugar ou de persoa ou de certos substantivos que na súa forma latina poderían mover a confusión (caso de *leira* ou *larea* no canto de *glarea*) ou porque, aínda que escritos en latín, estes diplomas tiñan que ser comprensibles, polo menos parcialmente, para persoas que só coñecían o romance, o que explica que as formas románicas ou arromanzadas sexan especialmente frecuentes nas partes dispositivas” (Mariño 1998: 86). Nestas manifestacións do romance ensáianse diferentes solucións gráficas que en boa medida logo se empregarán, ou que xa se empregaban¹⁷, na escrita do vulgar.

No referente aos casos máis ou menos puntuais de romanismos ou formas híbridas latino-romances, limitámonos a apuntar, simplemente a título de exemplo, os testemuños contidos nun par de pergamiños. Nun documento de 1216 (ACO 159) o mosteiro de Santa Comba cede a un particular a herdade de “*Sanctum Johannem* de Riqueixo”, pola que debe pagar, entre outras prestacións, “chousa”, “meitiga” e “goiosa”. Por outra parte, noutro pergamiño de 1237 (ACO 454) que consigna un arrendamento entre particulares da vila de “Astrees”, alúdese a contribucións relativas a “nabale”, “sessege domorum” ou “goyosa”, incluíndo entre as testemuñas do negocio a “*Petrus* Muniz, [...], *Martinus* Cha-

14 Mostras de romanceamento na *dispositio* documental poden verse, por exemplo, en Lorenzo (2004b: 33-37), Gutiérrez & Cabana (2007: 148-149) ou, para instrumentos portugueses, Martins (1999: 495-497).

15 Para Souto Cabo (2003a: 333) estes elementos estarían presentes “em particular na definição da(s) matérias(s) objecto de transacção. Assim acontece quando se procede à delimitação ou descrição de espaços geográficos ou na referência e enumeração de elementos materiais concretos como, por exemplo, espécies de pagamento ou tributo. Para além dos topónimos, amiúde coincidentes com substantivos, os elementos romances máis assíduos são os substantivos, os adjectivos, os artigos, as preposições e os advérbios. Em muito menor medida ocorrem formas verbais ou pronomes”.

16 Segundo Lorenzo (2003: 163) estes redactores non terían dificultades no emprego de “fórmulas jurídicas comunes, que más o menos se adecuan a los principios de la lengua latina medieval, sino cuando tienen que pasar a lo más particular y concreto, es decir, a nombrar a las personas que intervienen en la compra-venta, fuero, etc. o que actúan como testigos, cuando tienen que escribir los topónimos o establecer los límites de las heredades, etc. Entonces es cuando no saben hacerlo en latín y escriben las formas en romance o latinizan de mala manera su propio romance”.

17 En palabras de Veiga Arias (1983: 299), “en los documentos aparecen de forma irregular los que después serán grafemas normales de las lenguas gallega y castellana, lo cual nos induce a postular la existencia de escritos, por modestos que fuesen, en lengua gallega”.

forin [...], Johannes Saluadoriz Preto, Johannes Martini de Beyro; Suerius Petri, pixotario; Arias Pelagij, alfayate; Petrus Petri, fornario”. Do mesmo xeito, tamén se pode aducir algunha mostra de romanceamento na *dispositio* documental que afecta nomeadamente á localización e delimitación de propiedades, así como a cláusulas ou condicións de cesión dos bens obxecto do negocio. Neste sentido, destaca un dos textos redactados polo monxe notario Johannes Pelagii, un aforamento da herdade de Penalonga outorgado polo prior Vasco en 1251. Este documento xa chamou a atención a Gutiérrez & Cabana (2007: 136-137), que o catalogan entre os documentos híbridos latino-romances e transcriben o fragmento “hereditatem de Pena Longa... con Petro Arie” (*Ibid.* 148), e a Souto Cabo (2008a: 34-35), que o edita igualmente como documento latino-romance. Reproducimos a seguir fundamentalmente a parte dispositiva do diploma¹⁸.

jllam hereditatem de Pena Longa quomodo diuidit per ip/sa petra et inde ad Pena do Muogo et inde ao Outeiro da Felgeira et inde alas lage/as de Felgeira et inde alo Outeiro da Pena Lubusome et inde reditur superlo Souto et uadit / alo marco do Ual do Bezero; jn alia parte quomodo diuidit connos de Caneto perla Pena / Lobusome et uadit ao Cancelo et reditur sursum quomodo diuidit con Petro Arie. Damus et conce/dimus per cruces et per marcos, talj condicione quod laboretis et paretis ben et detis inde / terciam partem omni fructu ad monasterio per suum hominem, pan debetis ducere ad mo/nasterio et uino in torculari, et debetis ese vassalos monasterio. Si ibi fecerit/s domos, detis inde tres tres solidos in die Sancti Martinj agnatim, pro lutuosa singu/los morabitanos, pro gaudiosa quinque quinque solidos. Desque leuardes fructu, detis / II II solidos in die Sancti Martinj agnatim et senara II II dias per unum quoque mense, / excepto primos II agnos. Et debet esse laborato usque XVJ agnos quo fuerit labor/adoiro et persuir per hereditatem Sancte Columbe (ACO 666).

2. LATÍN E ROMANCE NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XIII

Da segunda metade do douscentos datan, pois, as primeiras mostras de documentos plenamente romances do cenobio de Naves. Xa se apuntou máis arriba o ano de 1255, en relación coa documentación portuguesa, como baliza entre a “producción primitiva” e unha nova etapa en que se desenvolve o proceso de instalación e xeneralización do romance nos instrumentos. No caso do reino galego, a data vai máis alá do “simbólico”, pois constitúese no “fito que marca unha nidia mudanza de rumbo na emerxencia da escrita en romance galego [...], pois nese ano rexistramos non menos dunha ducia de documentos plenamente

18 Na transcripción desenvólvense todas as abreviaturas en itálico e modernízase a puntuación, o emprego de minúsculas e maiúsculas e a unión e separación de palabras.

romances” (Monteagudo 2007: 306-307)¹⁹. Precisamente de 1255 é o primeiro documento en galego de Santa Comba, unha sentenza ditada polo xuíz Oveco Luz en relación co pagamento dunha loitosa ao mosteiro de Naves. Con todo, só contra o último cuarto do século se afirma o romance galego nos pergamiños do mosteiro, o que, en termos xerais, con diferentes ritmos segundo as institucións²⁰, se verifica noutras coleccións de documentos monásticos²¹.

*Cadro I. Latín e Romance en Santa Comba de Naves (2ª Metade do Século XIII)*²²

Lingua(s)	1250/1259	1260/1269	1270/1279	1280/1289	1290/1299	Total
Latín	17 (1)	10 (1)	8	1 (1)	3	39 (3)
Galego	1	1	2	6	3	13
Galego (castelán)	0	0	1	0	0	1
Castelán (latín)	(1)	0	0	0	0	(1)

IDENTIFICACIÓN ARQUIVÍSTICA DOS DOCUMENTOS²³

- 1250-1259. *Latín*: 1250 (ACO 643, 649), 1251 (ACO 666), 1253 (AHN 1506/8), 1255 (ACO 726, 731, 739, 275), 1257 (ACO 754, 760), [1253-1258] (ACO 6169, 6134), 1258 (ACO 801, 77 [copia], 802, 319), 1259 (ACO 327, 819). *Galego*: 1255 (AHN 1506/9). *Castelán (latín)*: 1255 (AHN 1506/10 [traslado de 1325 con suscripción notarial en galego]).

19 En termos semellantes se expresa Souto Cabo (2008b: 177) ao afirmar que “supón un evidente salto cualitativo e cuantitativo en relación ao período previo”.

20 Para Lorenzo (2004b: 51) a situación “é bastante diferente nas distintas coleccións documentais e a imposición do galego non se deu por igual en tódolos mosteiros e catedrais, pois hai lugares nos que tardou bastante en consolidarse a nosa lingua na documentación escrita e outros nos que se impuxo máis cedo”. Exemplo de precocidade é o mosteiro de Montederramo, onde xa na década dos sesenta a produción en galego é amplamente superior á latina (42 fronte a 8 documentos), segundo refire o autor no mesmo lugar.

21 Tendo en conta os diplomas de nove cenobios galegos do período de 1256 a 1285, Souto Cabo (2002a: 442) computa “242 romances sobre un total de 574. Isto supom 42% de documentos em galego-português para o período em análise, passando de 3% no primeiro segmento [de cinco anos] a 86% no último”. En Portugal, pola súa parte, é máis serodia esta xeneralización do romance, como se pode comprobar na documentación de Santa María de Alcobaca, onde “o uso do latín continua a ser maioritario, no mínimo, até ao final do século [XIII], particularmente nas cartas emanadas directamente do convento” (Souto Cabo 2002b: 370).

22 Na columna das linguas, as opcións “Galego (castelán)” e “Castelán (latín)” informan de documentos que inclúen outro(s) en lingua diferente. No referente ao cómputo dos diplomas, téñase en conta que se contabilizan separadamente entre parénteses os duplicados (copias simples, traslados autorizados, documentos incluídos); o tipo de duplicado explicitase máis abaixo xunto á identificación arquivística dos pergamiños. Por outra parte, cómpre advertir que non se considerou un documento en galego (ACO 6170) cuxas roturas impiden ler a data; situámolo entre 1297 e 1312 tendo en conta o período en que está documentado o prior de Santa Comba que figura como destinatario do documento.

23 No xa citado traballo de Lorenzo (2004b) sobre a emerxencia e decadencia do galego escrito, recóllese referencia á documentación de Naves deste período, tanto dos documentos en latín e en galego (p. 47) como dos traslados das cartas en castelán de Afonso X (pp. 82-83, 131).

- 1260-1269. *Latín*: 1265 (ACO 934, 947, Escrituras VII/71 [incluído en documento de 1354]), 1266 (ACO 953, 947), 1267 (ACO 972, 974), 1268 (ACO 997), 1269 (ACO 1007, 1008, 1023). *Galego*: 1266 (ACO 957).
- 1270-1279. *Latín*: 1270 (ACO 1040), 1272 (ACO 1076-77, 1080), 1276 (ACO 44, 1245), 1279 (ACO 1296-97). *Galego*: 1279 (AHN 1506/12, ACO 1309). *Galego (castelán)*: 1278 (AHN 1506/11).
- 1280-1289. *Latín*: 1283 (ACO Escrituras I/10 [incluído en documento de 1446]), 1289 (ACO 1506). *Galego*: 1282 (ACO 1361, 1367), 1286 (ACO 1742), 1287 (ACO 1455, 1463), 1289 (ACO 1520).
- 1290-1299. *Latín*: 1290 (ACO 6130), 1298 (ACO 1687, 1690). *Galego*: 1290 (ACO 1541), 1293 (ACO 1592), 1297 (ACO 1678).

Considerando as primeiras manifestacións do romance galego, sempre no marco da restante documentación de Santa Comba, tentaremos tecer algunhas consideracións sobre as motivacións da mudanza escriptolingüística nos instrumentos notariais do mosteiro. A investigación recente sobre as primeiras manifestacións escritas da lingua apunta ora para a influencia dunha tradición escrita vinculada á produción lírica²⁴, tanto desde Portugal (Martins 2001: 38-44 e 2004: 518-521) como da Galiza (Boullón 2005: 50-51; Monteagudo 2007: 298-304), ora para determinadas tipoloxías diplomáticas favorecedoras do emprego do romance, sobre todo en relación con documentos portugueses (cf. Martins 1999: 495-499 e 2001: 30-33; Souto Cabo 2003a e 2003b), ao estaren menos suxeitas a modelos formulísticos latinos, que se designan conxuntamente como *documentos de proba* (frente aos documentos dispositivos), cuxo obxectivo é “consignar e perpetuar a memoria de um acto jurídico (oral ou escrito) ou dar testimonho de factos que possam vir a ser objecto de tratamento jurídico”, polo que “dispensam a subscrição por notário e testemunhas” (Martins 1999: 497). Esta distinción entre documentos probatorios e dispositivos presenta “escasa utilidade para os textos producidos no territorio galego” (Monteagudo 2007: 309)²⁵, pois, como sinala Souto Cabo (2008b: 173) en relación co máis antigo instrumento en galego (unha compravenda do mosteiro de Melón datada en 1231), “non parece que teña existido calquer tipo de coarctada diplomática que xustifique o recurso ao (novo) modelo escritural romance, até ese momento practicamente inédito en território galaico. A carta, en correspondencia coas exixencias diplomáticas propias dunha compra-venta, reúne todos os requisitos da documentazón dispositiva”.

Neste sentido, parece existir consenso entre os diferentes autores na relevancia que se outorga a un impulso extragalego, da corte real, como factor decisivo no emprego e xenera-

24 Aínda que tamén se ten apuntado que “se trata de tradicións diferentes en orixe e [...] sen claros puntos de conexión” (Souto Cabo 2008b: 181).

25 Sobre a documentación non dispositiva no período de emerxencia do galego, véxase Gutiérrez Pichel (2007, 2008a).

lización do romance xa na segunda metade do trescentos. Así, en palabras de Monteagudo (2007: 275-276), hai que entender

o proceso de emerxencia do romance na escrita como un caso de propagación dunha innovación que en liñas xerais avanza gradualmente do oriente cara ao occidente e do norte cara ao sur. A súa orixe remota hai que situala no ámbito cultural franco, mentres que a súa difusión na área centro-occidental da Península Ibérica se produciu dunha banda por contacto entre as rexións xeograficamente próximas, e doutra a través do intercambio duns centros culturais con outros, a comezar polos que recibiron un influxo máis forte da cultura ultrapirenaica. [...] no noso caso o avance se produciu a partir [do] centro da península, desde a área castelá (en senso lato) cara ao oeste, afectando antes ao dominio astur-leonés e inmediatamente despois ao galego-portugués.

Esta influencia da chancelería real entendemos que se manifesta na adopción do vulgar por determinados tipos de redactores de instrumentos. Parece, en efecto, que a lingua do documento depende en boa medida da clase de rogatario que interveña²⁶, coadxuvando a variable “autor”, tendencialmente non relixioso²⁷. Xa tiña advertido Lucas Álvarez (1989: 374-375) sobre diferenzas importantes na escolla escriptolingüística “según se trate de notarios episcopales o reales y concejiles. Los primeros mantienen el uso del latín hasta finales del siglo XIII; los monásticos quedan en un punto intermedio entre los episcopales y los reales, y éstos con los concejiles utilizan con preferencia o exclusividad el gallego desde su creación”²⁸. Aos notarios que interveñen na documentación de Santa Comba prestaremos atención a continuación para pór de relevo a vinculación entre opcións de lingua / scripta e determinados tipos de fedatarios.

Das informacións que se recollen no Cadro II, dedúcese que durante a segunda metade dos trescentos interveñen na documentación do priorado tres tipos de notarios en función da autoridade que os nomea e a xurisdicción en que actúan: monxes notarios de Naves, rogatarios de Ourense e notarios reais. O priorado de Santa Comba contou, pois, cun notariado propio, cuxos titulares nomearía o prior e actuarían nos señoríos do mosteiro, e que

26 No mesmo aspecto incide Monteagudo (2007: 310) ao chamar a atención para “o contributo dos notarios de concello e os notarios de designación real” na emerxencia do romance galego neste período.

27 É de destacar aínda a intervención de personaxes vinculados á administración real nos documentos aquí editados: o xuíz Oveco Luz (doc. 1); Gonzalo Eanes de Nóvoa, tenente das terras do Bolo de Senda, Búbal, Castela, Nóvoa e Seoane (doc. 2); o porteiros Pedro Martínez e Fernando López (doc. 3); o pesquisador Xoán Arias de Noelle (doc. 4).

28 Con todo, o mesmo autor, en relación cos diplomas de Oseira, desvaloriza o papel do redactor no referente á escolla da lingua ao indicar que “no está relacionada, al menos en principio, con la procedencia del escriba o notario «clerical o laico», «iuratus o del rey», y el gallego penetra lo mismo en los ambientes escritorios del monasterio o de las jurisdicciones notariales. Quizá la excepción más apreciable sea la de los notarios de Orense, que mantienen durante un tiempo mayor el uso del latín” (Lucas Álvarez 1975: 239).

ata ben entrado o século usan o latín. É o caso de Johannes Pelagij²⁹, Johannes Petri (II)³⁰ e Johannes Iohannis (IV), que deixan constancia do seu carácter de monxes notarios. Probablemente habería que incluír na nómina dos tabelións monásticos a Johannes Iohannis (I)³¹ e Petrus Iohannis³², aínda que na súa intitución só aluden ao seu carácter de notarios públicos ou xurados, entendendo que non se explicita a xurisdicción en que actúan por consabida. Xa con Gonzalo Pérez temos o primeiro frade, e único no século XIII, que emprega o romance a partir de 1289, o que supón a instalación definitiva do galego na escrituración dos negocios do mosteiro³³.

As primeiras manifestacións do romance en Santa Comba de Naves, en consecuencia, débense a outros tipos de redactores. Como xa foi sinalado, o documento máis antigo en galego que se conserva data de 1255 e trátase dunha sentenza dada polo xuíz Oveco Luz que redactou Pedro Domínguez, notario nas terras de Búbal e Temes (v. documento 1 do apartado 4). Estamos neste caso perante un funcionario nomeado polo rei, polo que o emprego do romance se debería á incidencia dos usos e orientacións lingüísticas da curia real³⁴. O mesmo comportamento lingüístico encontramos no notario real Xoán Ares nas terras de Orcellón, Búbal, Castela e Bolo de Senda, que en diversos catálogos e coleccións documentais aparece usando case exclusivamente o galego. Así, nos diplomas de Oseira obsérvase como no comezo da súa actividade usa o latín, tal como mostran dous documentos de 1272³⁵, aínda que un deles inclúe outro documento en galego (Romaní 1989: 958-959, 966-967), para posteriormente redactar nesta lingua numerosos documentos entre 1273 e 1293³⁶. Xa na documentación de San Clodio do Ribeiro figura como rogatario de bastantes

29 Figura o seu nome, acompañado da fórmula “qui notuit”, como testemuña e monxe de Santa Comba nos documentos que redacta.

30 Non se identifica como monxe este “pubricus notarius Sancte Collumbe”. Entre as testemuñas de documentos de 1255 (ACO 275) e [1253-1258] (ACO 6169) figura un frade de Naves do mesmo nome.

31 Un monxe do mesmo nome figura como testemuña de varios documentos datados na década dos 50 do século XIII (ACO 731, 275, 760, 6169).

32 Está documentada unha testemuña do convento dos monxes con idéntico nome entre 1269 e 1272 (ACO 1023, 1040, 1076-77, 1080).

33 Despois desta data o latín só aparece en documentos cuxo autor non é o prior e o convento de Naves (ACO 6130, 1687, 1690).

34 Xa “durante a durante a década de 1240 [no orixinal, por erro, 1940] culmina o proceso de ascensión do romance a idioma oficial da chancelaría de León-Castela. [...] Ás portas da metade do século, o castelán impuxérase de xeito practicamente completo e irreversible na documentación oficial da monarquía castelán-leonesa” (Monteagudo 2007: 280). No referente ás disposicións lexislativas afonsinas relativas ao emprego do romance nos instrumentos, apuntan Gutiérrez & Cabana (2007: 155) que “aínda non se desenvolvendo unha norma clara e directa para o impulso do romance na escrita, a lexislación do rei Sabio serve de modelo claro e efectivo [establecendo modelos de instrumentos notariais en castelán] para o uso escrito do romance, aplicándoo os notarios á súa propia lingua”.

35 Se se identifica este Xoán Ares co “Johannes Arie” auxiliar de Pedro Míguez, notario real en Seoane e Nóvoa, habería que acrecentar a estes dous documentos un pergamiño en latín do ano 1268 (Lucas Álvarez & Lucas Domínguez 1996: 340-341).

36 Cf. Romaní 1989: 975-976, 976-978, 981-982, 987-988, 1008-1009, 1014-1018, 1019-1020, 1025-1026, 1033-1034, 1038-1040, 1044-1045, 1067-1068, 1078, 1086-1087, 1092-1093, 1099-1100, 1110-1111, 1137, 1140-1141, 1153-1154, 1158-1159, 1165-1166, 1172.

documentos en galego entre 1275 e 1284³⁷, aínda que suscribe en latín catro documentos en romance redactados por notarios auxiliares nos anos 1276, 1281, 1289 e 1290³⁸.

Na emerxencia do romance en Santa Comba teñen tamén un papel importante os notarios de Ourense que, sendo a cidade de señorío episcopal, deben o seu nomeamento ao bispo. Sobre o tabelionato da cidade, téñase en conta que, segundo Lucas Álvarez (1989: 352), para alén dos chanceleres e vicechanceleres da cidade, existía “una pléyade de notarios y scriptores, que parecen divididos en dos grupos, los que son notarios del obispo, y los de la ciudad, especialmente éstos a partir de la segunda mitad del siglo [XIII]”. Como se pode comprobar no Cadro II, os diferentes tipos de rogatarios están representados nos diplomas de Naves, mais hai que notar que nos documentos en romance actúan fedatarios que se intitulan como públicos e / ou xurados da cidade e non da curia episcopal, aínda que Lucas Álvarez (1989: 372) defende que os tabelións da curia do bispo e os “notarii publici” das cidades episcopais manteñen unha mesma fidelidade á escrita latina³⁹. Os notarios da cidade, pois, parecen ser máis permeables á lingua vulgar que os vinculados ao bispo e a igrexa de Ourense, feito que se debe atribuir a que predominantemente se ocupan de escribir negocios non eclesiásticos. Neste sentido, convén ter presentes as palabras de Bono (1982: 155) cando explica:

[Los] notarios *auctoritate episcopi* eran diferentes, por razón de su función, de los *notarii episcopi* o *not. s. ecclesiae* afectos a las actividades de la cancillería y de la curia episcopales, pues aquéllos estaban dedicados específicamente a la escrituración *comunal* o entre particulares; sin embargo, esta diferencia esencial quedó en algunas ciudades muy atenuada, pues los notarios de la Iglesia también actuaron en la escrituración entre particulares, y por su parte los notarios públicos de creación episcopal ejercieron muy frecuentemente en asuntos de la Iglesia, ya curiales, ya de cancillería.

Se reparamos agora nos usos escritos destes notarios da cidade noutros repertorios documentais, verifícase en xeral unha substitución progresiva do latín polo vernáculo e non deixa de resultar curioso constatar como os diplomas máis antigos en galego de cada un deles fan parte da colección do priorato de Santa Comba, se exceptuamos o caso de Pedro Eanes, cun uso exclusivo do galego nos documentos que suscribe entre 1273 e 1280⁴⁰.

37 Cf. Lucas Álvarez & Lucas Domínguez 1996: 361, 364, 367-368, 369, 370-371, 373-374, 375-376, 377-383, 385, 388-389, 392-393, 394.

38 Cf. Lucas Álvarez & Lucas Domínguez 1996: 374-375, 388, 412, 414-416. O mesmo acontece cun testamento de 1292 publicado por Ferro Couselo (1996: 51-53).

39 Con todo, se reparamos nas suscripcións do elenco de rogatarios de Ourense que inclúe o autor no mesmo traballo (Lucas Álvarez 1989: 414-422), notarase como os casos de notarios que empregan o galego son aqueles que non expresan na suscripción unha vinculación ao bispo ou á igrexa de Ourense.

40 Cf. Duro 1996: 324, 336-337, 346-347, 350, 362-363; Romani 1989: 1073-1074.

Así, Martiño Pérez escribe en latín instrumentos datados entre 1259 e 1274⁴¹, mais xa usa o galego, fóra dos pergamiños de Santa Comba de 1266 (v. documento 2 do apartado 4) e 1287 (ACO 1455), en documentos de 1267, 1279, 1282, 1289 (cf. Romani 1989: 899 [coa notificación en latín], 1087, 1100-1101, 1148), 1287 (Ferro Couselo 1996: 45-47; Vaquero 2004: I, 114-116) e 1291 (Duro 1972: 163). É máis serodia a incorporación da lingua na documentación conservada do notario Afonso Pérez, pois só aparece usando o romance en 1297 (Duro 1996: 345-346) mentres escribe en latín entre 1272 e 1279⁴², algo semellante ao que acontece con Bieito, do que só localizamos documentación latina datada entre 1261 e 1282⁴³.

En fin, algúns outros notarios de Ourense representados na documentación de Santa Comba como escritores en latín usaron esporadicamente o galego na escrituración. Neste sentido chama a atención que as escasas mostras de emprego do romance por parte destes tabelións (só recollemos un exemplar para cada un deles) constitúan en todos os casos documentación que presenta un carácter litixioso. É o caso de Michael Iohannis, que chegou a ser chanceler de Ourense, amplamente documentado entre 1264 e 1296 na documentación privada do ACO (v. Duro 1973, 1996) e na do mosteiro de Oseira de 1268 a 1279⁴⁴. Emprega sempre o latín nos documentos que autoriza, agás nun único caso de 1268: unha procuración de Urraca Eanes de Cercio en favor do crego Xoán Sebastián (Duro 1996: 314, Souto Cabo 2008a: 227), que a representará na concordia alcanzada cos fillos de seu irmán Nuno Eanes de Cercio sobre os bens deste último (Duro 1996: 315-316). Pola súa banda, Johannes Martini, redactor en latín entre 1285 e 1297⁴⁵, usa o galego en 1288 (Duro 1996: 389) para unha sentenza ditada polo cóengo Fernán Pérez sobre unha contenda entre o cabido de Ourense e os foreiros de Celeirón, en Puga. De Dominicus Iohannis, do que só encontramos textos en latín nos fondos de Naves (v. Cadro II)⁴⁶, escribe en romance no ano 1296 (Duro 1973: 144-145) unha sentenza dada polo tesoureiro Rodrigo Pérez e o cóengo Fernán Pérez sobre un litixio entre o cabido de Ourense e o crego do coro Francisco Vázquez por unha casa na Rúa dos Arcediagos.

Poderíase concluir, pois, que o emprego do galego se vincula aos notarios de nomeamento real, ao tempo que entre os rogatarios de Ourense se aprecia un desprazamento progresivo do latín en favor do vulgar, nomeadamente entre os notarios da cidade. Máis

41 Cf. Duro 1996: 271, 279-280, 285-286, 287-288, 289-290, 320, 339; Romani 1989: 861-862, 864-865, 1030-1031.

42 Cf. Duro 1996: 334-336; Romani 1989: 1023-1024; Lucas Álvarez & Lucas Domínguez 1996: 377, 386.

43 Cf. Duro 1996: 286, 291, 305-306, 338-339, 354, 367-369; Romani 1989: 1037-1038.

44 Cf. Romani 1989: 909-910, 957, 968-969, 978-979, 989-990, 999-1001, 1020-1022, 1054-1055, 1066-1067, 1080-1081.

45 Cf. Duro 1973: 135, 137-138, 140, 145, 146, 146-147; Romani 1989: 1149-1150, 1166-1167, 1184-1185.

46 Máis tarde, en 1302 (AHPO 17/1) redacta xa en galego un documento no que se recollen as cláusulas do testamento de Maior Pérez que interesan a Santa Comba de Naves, a pedido do prior Xoán Pérez (Ferro Couselo 1996: 57-58).

resistentes ao emprego do galego se mostran os monxes notarios, que só contra o final do período adoptan o romance.

Para fechar este apartado, deixamos unha nota sobre as exiguas mostras de romance castelán que respectan a un par de pergamiños. O máis antigo é un privilexio confirmatorio de Afonso X de 1255 (AHN 1506/10), conservado en traslado autorizado de 1325 (con suscripción en galego), que inclúe o texto en latín da mercé concedida por Afonso VIII e confirmada por Fernando III. Por outra parte, en castelán están dúas cartas incluídas nun documento en galego de 1278, unha do propio Rei Sabio e outra de Estevo Fernández, seu meiriño maior en Galiza (v. documento 3 do apartado 4), con numerosos galeguismos neste segundo caso⁴⁷. Como xa se apuntou, na curia real o emprego do romance castelán xa estaba normalizado, polo que non é de estrañar o recurso ao vulgar centro-peninsular por parte do rei ou dun seu oficial⁴⁸.

3. ASPECTOS DA ESCRITA ROMANCE GALEGA

Os aspectos da escrita galega que a seguir se comentan teñen que ver cos cinco documentos editados no apartado 4.2, polo que as consideracións que aquí se tecen á volta da primeira escrita galega deben valorarse tendo en conta o reducido tamaño do corpus. Dattados entre 1255 e 1279, constitúen as mostras máis antigas de romance en Santa Comba de Naves, antes da consolidación da escrita galega nas dúas últimas décadas do século XIII. Non temos en conta, pois, os textos en castelán incluídos no documento 3, a non ser o caso dalgún testemuño relevante para os parámetros de escrita aquí considerados (cf. as ocorrencias de *Meende* 3.27,38).

3.1. Representación de nasalidade vocálica

No referente ao carácter nasal das vogais, resultado da perda dun *-n-* intervocálico, mostran os documentos ata catro maneiras diferentes de representación⁴⁹. Como veremos,

47 Do emprego do galego nun documento de 1266 por parte da mesma personaxe (ed. en Souto Cabo 2008a: 199-200, 2008b: 188) deduce Souto Cabo (2008b: 181) que “a administrazón réxia tivo a lingua autóctone como vehículo comunicativo [...]. Isto implica un grau notábel de «normalización» do idioma autóctone, que só se verá seriamente alterada dous séculos despois. De todos os modos, notemos que o documento admite, en certa proporzón, elementos espúrios que poden suxerir a considerazón incipiente do castellano como modelo lingüístico de prestíxio”.

48 Existen abundantes exemplos de emprego do castelán na segunda metade do XIII en documentos respectantes ao reino de Galiza, sobre todo no caso de diplomas reais e, en menor medida, en instrumentos vinculados a individuos non galegos (cf. Lorenzo 2004b: 82-84, 86-87).

49 As mesmas catro posibilidades están presentes na documentación temperá de Montederramo (Lorenzo 2007: 323). Pola súa parte, Boullón & Monteagudo (2009: 22) consideran o acento dobre entre as posibles representacións da nasalidade. Sobre as plicas, que non temos en conta aquí nin na transcripción dos textos, véxase o que se di máis abaixo nos criterios de edición.

*Cadro II. Notarios da Documentación de Santa Comba de Naves
(2ª Metade do Século XIII)*

<i>Nome</i>	<i>Intitulación</i>	<i>Data</i>
johannes Iohannis (I)	publicus notarius	1250 (ACO 643, 649)
Johannes Pelagij	qui notuit	1251 (ACO 666), 1255 (ACO 726), [1253-1258] (ACO 6134)
Gregorius	vicecancellarius ciuitatis auriensis	1253 (AHN 1506/8)
Pedro Domínguez	notario de Búual e de Temeis	1255 (AHN 1506/9)
Johannes Petri (I)	notarius juratus auriensis	1255 (ACO 731, 739)
Johannes Iohannis (II)	publicus notarius ecclesie auriensis	1255 (ACO 275), 1257 (ACO 760), 1258 (ACO 319), 1259 (ACO 327)
Johannes Petri (II)	pubricus notarius Sancte Collumbe canonico auriense cancellario cjuitatis	1257 (ACO 754)
Petro dicto Abbate		1258 (ACO 801), [1258] (ACO 77), 1258 (ACO 802)
Viuanus Petri	notarius iuratus auriensis	1259 (ACO 819)
Michael Iohannis	juratus notarius auriensis	1265 (Incluído en ACO, Escrituras VII, 71)
Johannes Iohannis (III)	publicus notarius auriensis	1265 (ACO 934), 1267 (ACO 974)
Petrus Munionis	portionarius auriensis et uicecancellarius ciuitatis eiusdem	1265 (ACO 947), 1266 (ACO 947)
Johannes Iohannis (IV)	monachus, publicus notarius	1266 (ACO 953), 1267 (ACO 972), 1268 (ACO 997), 1269 (ACO 1007, 1008, 1023), 1270 (ACO 1040), 1272 (ACO 1076, 1077, 1080)
Martín Pérez	notario iurado de Ourense	1266 (ACO 957), 1287 (ACO 1455)
Johannes Martini	publicus notarius auriensis	1276 (ACO 44), 1289 (ACO 1506), 1298 (ACO 1690)
Petrus Iohannis	publicus notarius / notarius juratus	1276 (ACO 1245), 1279 (ACO 1296, 1297)
Affonso Pérez	público e jurado notario d'Ourense	1278 (AHN 1506/11)
Pedro Eanes	notario jurado da cidade d'Ourense	1279 (AHN 1506/12, ACO 1309)
Johán Ares	notario público en terra d'Orzellón, de Búual e de Castella / notario del rrey en terra de Orzellón, de Búual, de Castella e do Bolo de Senda	1282 (ACO 1361, 1367), 1286 (ACO 1742), 1287 (ACO 1463)
Gonçaluo Pérez	munges e notario do mosteyro sobredito [de SCN]	1289 (ACO 1520), 1290 (ACO 1541), 1297 (ACO 1678)
Dominicus Iohannis	notarius auriensis	1290 (ACO 6130), 1298 (ACO 1687)
Beeyto	público notario d'Ourense	1293 (ACO 1592)

estas diferentes prácticas gráficas admiten unha interpretación en termos fónicos que iría ao encontro da tese defendida en Mariño (2002), onde se propugna, expresado en poucas palabras, unha temperá desnasalización vocálica, nomeadamente en posición átona, que da lugar a vogais non nasais ou ben xera consoantes nasais prenucleares e posnucleares. Así, nos nosos documentos verificase como a solución amplamente maioritaria, e case exclusiva nos dous instrumentos máis antigos, é a ausencia de marca (v. Cadro III), como é característico dos textos deste período. De feito, valorando esta práctica gráfica na súa tradución fónica, Mariño (2002: 92), fronte a outras fontes literarias, historiográficas e mesmo notariais, destaca o “alto índice de desnasalización que ofrecen os textos notariais do século XIII”.

Nun grupo reducido de palabras, no entanto, aparece un trazo sobreposto ás vogais en hiato que transcribimos como til. Esta solución innovadora para a representación da nasalidade vocálica, con escasa presenza nos pergamiños antes de 1260 (cf. Monteagudo 2008: 184-186), ocorre unicamente en posición tónica, mais con diferenzas de relevo entre os dous notarios que recorren a ela: Pedro Eanes utilízaa só esporadicamente, como nas palabras acabadas en *-āo* (chāo 4.3; m̄ao 4.17,27,39)⁵⁰ e para o substantivo *pēa* (5.16), mentres Afonso Pérez (v. Cadro III, documento 3) emprega o trazo sobrescrito sempre que a vogal nasal está na posición forte. Téñase en conta, por outra parte, que a interpretación que realizamos do trazo é diferente noutros casos que non incluímos no cadro de ocorrencias. Entendemos que non ten valor en *omē* (4.13[2],14[2],29,30), tomando en consideración a atestación no conxunto documental de *home* (2.22, 4.3), aínda que caberían outros tratamentos do trazo dadas as diferentes hipóteses existentes sobre a evolución histórica da palabra (cf. Mariño 2002: 88-89). Neste sentido, existen menos dúbidas sobre o plural da mesma palabra, mais ao ocorrer abreviada como *om̄s* (omes 1.12) non se pode ter en conta relativamente ao aspecto que agora nos interesa. Tamén se exclúen do repertorio formas como *perteenças* (3.7; cf. *perteenças* 5.5) e *cóongo* (4.37), onde caberían outras interpretacións do sinal xeral de abreviación coa conseguinte diverxencia na súa valoración en termos de nasalidade vocálica.

Pola súa banda, a opción por outros procedementos podería ser indicio do desenvolvemento de consoantes nasais. Ocorre, así, a grafía <n> intervocálica que aparece vinculada de xeito exclusivo a unhas formas moi concretas, como é o caso do indefinido *una* (1.3,11, 3.3, 4.10,12,18,24,27,28,37) ~ *vna* (4.3) e dos cuantificadores con ela relacionados (*nenunas* 4.31 ~ *nenvna* 4.32, *alguna* 5.16⁵¹), situación habitual nos primeiros tempos do romance escrito (cf. Monteagudo 2009: 101). Se nun principio poderíamos entender esta opción de representación como unha solución conservadora ou tradicional para representar

50 Mesmo chega a usarse analoxicamente sobre a contracción *ao* (5.16), configuración gráfica, polo demais, á que non debe ser alleo o feito de que vaia precedida da palabra *pēa*.

51 Incluímos esta forma no Cadro III aínda que, tal como aparece no manuscrito (*algũa*), en rigor habería que considerar que nela concorren dúas das posibilidades de representación apuntadas.

a nasalidade vinculada á escrita latina, o feito de que só apareza nos nosos documentos nos contextos referidos fainos pensar en que xa podería indicar a presenza dunha consoante velar explosiva. De xeito análogo, parece apuntar á existencia dunha consoante nasal final o emprego igualmente sistemático da solución <n> nos correlatos masculinos das formas que vimos de tratar: *vn* (3.4) ~ *un* (4. 8[2],9,13, 23[2],29[2],30)⁵² e *ninguun* (2.11)⁵³.

Cadro III. Representación da Nasalidade Vocálica

Documento	<n-> intervocálico	Ausencia de marca	Trazo sobreposto	<n> posposto
1 (1255)	una 3,11	mao 6, razoes 11, boos 12, razoero 17		
2 (1266)		Boo 8, perteezen 8, uuir 13, permeesca 14, Stéueez 21, Móogo 21		ninguun 11
3 (1278)	una 3	teor 3,13,24, moesteyro 4[2],5,7, Meende 7,8,9, 10,27, 38, pertijçian 8,	testimūyas 1,44, Çibrão 5,6,8[2],9,10, 13,43, testimūyo 47	vn 4
4 (1279)	vna 3 ~ una 10, 12,18,24,27,28,37, nenunas 31 ~ nenvna 32	[teste]muyas 1-2 ~ testemuyas 18[2],37, moesteyro 2,8,16,34, teor 3, boa 4 ~ Boa 19, Meende 4, teedes 5, boamente 9,10,22,24, 28,33 ~ boamente10-11 ~ boamente 31, razoes 10,12,32, ueúdo 11, poer 13, tiúdo 16 ~ teúdo 33, testemuyo 18,40, çidadaos 19, lúes 1 9,37, ueera 22, consuu 23,25, ueesse 25[2],28, uijr 26, pessoa 26, razoauan 37, teedor 38, Móogo 38	chão 3, mão 17,27, 39	un 8[2],9,13, 23[2], 29[2],30
5 (1279)	alguna 16	moesteyro 4,8,9,11,12, 13,16, perteenças 5, termio 6, bees 14, boa 17, moeda 17, Testemuyas 19, Reuordaos 20, testemuyo 26	pëa 16	

3.2. Grafías , <u>, <v>

Nos primeiros documentos romances de Naves mantéñense ben diferenciadas as representacións de [b] e [β] conforme aos resultados etimolóxicos agardados, pois son excepciónais os usos de por <u>, como en *uerbo* (4.2,10[2]), forma que no período

52 Aquí Lorenzo (2007: 328) considera que hai perda da vogal final, mentres Boullón & Monteagudo (2009: 55) falan de “caída da nasal intervocálica, crase dos dous [u] en hiato, e, aparentemente, desenvolvemento da consoante nasal”.

53 Maia (1997: 615) entende que de formas coma esta, “registadas a partir dos últimos anos do século XIII, pode deduzir-se que, desde esa época, o hiato tinha comezado a reducir-se”.

alterna con *ueruo*⁵⁴. Indicamos a continuación as palabras en que ocorren cada unha das grafías⁵⁵:

aberta 3.3, 4.3, abril 4.1, 6, 20, ámbalas 4.5, ámbolos 4.14, ambos 4.8, 23, 24, 25[2], 27 ~ ambos 4.23 ~ ambos 4.25, anbas 3.3 ~ ambas 4.10[2], 21, 27, Barro 1.5, 7, Bartholomeo 2.22, bees 5.14, Beesteyros 5.21, Beyro 1.20, beysada 1.6, ben 4.6, 22, 30, 32, 34, 35[2] ~ bem 4.20, 5.12, bispádigo 4.2, 7, boa 4.4, 5.17 ~ Boa 4.19, boamente 4.9, 10, 22, 24, 28, 33 ~ boamente 4.10-11 ~ boamente 4.31, boca 4.35, Bocinos 1.21, Boo 2.8, boos 1.12, Bóueda 2.19, britar 5.15, Búual 1.2, 22, cabídeo 4.22, Çibrão 3.5, 6, 8[2], 9, 10, 13, 43, Coumba 1.3, 4.2, 4, 8, 34 ~ Coomba 3.4, 10 ~ Coumba 4.20, 5.4, 7, 21, desenbargado 4.24, embargass[en] 3.10, im-bargar 2.10, público 3.1, 46, quebrantados 4.4 ~ quebrantados 4.23, reçoerberian 4.25, sabede 4.6, sabedes 4.6, saber 1.9, 2.8, sabía 4.22, 31, 32, sabian 3.1, sabor 4.29, sabuda 2.1, sobre 1.5, 4.4, 6, sobredita 4.5, 8, 20, 5.25, sobreditas 3.46, sobredito 3.6[2], 11, 13[2], 47, 4.2, 16, 17, 20, 21, 36[2], 37, 5.9, 10, 14, sobreditos 3.6, 9, 11, 4.7, 12, 15, 17, 39, sobrescripto 4.17[2], 18, 36, 39, 5.19, tambem 5.14, uerbo 4.2, 10[2].

auedes 4.6, auer 1.9, 13, 4.30, auería 4.30, auja 1.7, 8, 9 ~ auía 1.14, 4.29, 36, auían 1.10, auondança 4.13, auuodo 1.12, Bóueda 2.19, Búual 1.2, 22, Caruallo 2.20, caualeyro 1.16-17, caualeyros 2.20-21, Çella Noua 5.23, *conuén* 1.8 ~ *conuén* 2.7, *conuento* 1.3 ~ *conuento* 1.13 ~ *conuento* 3.4, 5, 11 ~ *conuento* 3.11, Couelas 2.8, deuían 1.10[2], dígoous 4.4, entregauan 3.6, 8, enuiala ya 4.27, enuiala yam 4.25, [en]uiar 4.9-10 ~ enuiar 4.34, enuiara 4.8, 21, 26, enuiaría 4.14, enuiasse 4.13, 14, 24, 29 ~ enuiássea 4.21, enuijdes 4.4, escripuán 4.18, escriuj 1.22-23, 3.46 ~ scriuj 2.23 ~ escripuj 4.39, 5.25, escripuisse 4.36, estaua 4.16, 22, 33, estauan 4.18, Estéuano 3.2, 3, 24, 45, Gonçaluo 3.11 ~ Gonzaluo 1.18, 2.2, liuar 4.12, 4.26, 29, liuraría 4.10 ~ l[i]uraría 4.14, liurasse 4.26, liuros 4.6, mandaua 4.10, 11, 12, 15, 30-31, 31, moraua 1.7, móuil 1.14, Naues 4.2, 20, 5.4, 7, Noua 1.18, Nóuo 2.2, Oueco 1.2, 11, ouuer 5.14, ouesse 4.17, 4.36, priuilegios 4.4, 22 ~ priuilegios 3.10, protestauan 4.37, razoauan 4.37, Reuordaos 5.20, rogaua 4.20, rouor 2.14, rrógouos 4.4, Salvador 5.20, seruiço 4.6[2], seruiría 4.21, seuesse 4.8, 23, Sorueyra 5.21, Stéueez 2.21, teuesse 4.14, 34, Uaásquiz 4.18, Uaya 4.19, Ual 1.4, uasala 1.6, ueera 4.22, ueesse 4.25[2], 28, uena 2.16, uentura 4.4, 26, 34, u[erbo] ~ uerbo 4.2[2], 10[2], uerdade 3.47, ueúdo 4.11, uija 4.35, uuir 2.13 ~ uijr 4.26, Uila 1.18, Uillarino 5.6[2], ujren 1.1 ~ uiren 2.1 ~ uirem 5.1, uiron 1.16, ujsta 1.11, Viuián 5.21, 23, uoontade 2.11 ~ uoentade 4.11, 35, 5.3, 10, uós 4.3, 4, 5[2], 6[3], uosso 4.5, uou 4.6, uoz 2.4, 6, 9.

54 Boullón & Monteagudo (2009:47), en relación a ocorrencias en documentos anteriores a 1260, chaman a atención sobre que “o fenómeno é máis corrente en contextos en que [r] precede ou segue o [β], en que, por tanto esta consoante non está estritamente en posición intervocálica”.

55 No caso de aínda aparece en *abc* (4.17) e no latinismo *sub* (4.20).

A grafía <u>, fronte a <v>, pola súa banda, é amplamente maioritaria tanto con valor vocálico como consonántico. De feito, só se encontra <v> en posición inicial de palabra con ambos os valores: vn̄de (1.8), vn̄ (3.4), vna (4.3), n̄envna (4.32)⁵⁶; Vaasco (2.6, 3.45), viren (3.1, 4.1), verdade (4.18,40, 5.26), Viuián (5.21,23).

3.3. Representación das fricativas apicoalveolares intervocálicas

Contrasta claramente o que acontece no documento máis antigo fronte aos restantes textos no que se refire á representación das sibilantes alveolares. En 1255 prescínlese case completamente de <ss> (v. Cadro IV), agás no caso do topónimo *Santo Tisso* (1.20), ao paso que no resto dos documentos se observa regularmente a distinción etimolóxica. Cómpre, no entanto, facer algunhas matizacións sobre certos casos que se dan nos documentos de Pedro Eanes, tanto no emprego de <s> polo agardado <ss> como na situación inversa. En efecto, este notario de Ourense escribe *aseelada* (4.5), *aseelássea* (4.21) e *aseelaría* (4.27)⁵⁷, unha representación que debe estar inducida pola escrita da variante *seelada* (4.3), *seelasse* (4.9) e *seelala yam* (4.25), así como pola do substantivo *seelo* (4.3,5,9,13[2],15,26), *seelos* (4.9,14,27)⁵⁸. En *adusessen* (4.9[2],26) e *disesse* (4.32,35) adóptase unha solución solidaria coa dos perfectos fortes tamén sigmáticos dos verbos *querer* (quiserdes 4.6, quisessen 4.9, quisesse 4.35) e *pór* (poseran 4.8,23,25, posesse 4.13), mais non en formas do Pretérito de Indicativo (disseron 4.12,15) e do Antepretérito (adussera 4.16). Neste sentido, entendo que é posible establecer un paralelismo, canto á simplificación gráfica da primeira sibilante, coa ocorrencia no mesmo fedatario de *possissón* (5.9)⁵⁹. Aparece duplicada a consoante, pola contra, nas ocorrencias das palabras *guissa* (4.12,25) e *guissado* (4.30), formas en absoluto inusitadas na escrita medieval⁶⁰.

Anotamos, por último, que fóra do contexto intervocálico son escasas as ocasións en que ocorre a duplicación <ss>. É empregada en posición inicial de palabra nos monosílabos *ssi* (3.4,5,6,11) e *sse* (4.9), así como en localización interior posconsonántica en *Affonssso* (3.1,46) ~ *Afonssso* (3.4).

56 No ms. está escrito *nē vna*.

57 Cf. as formas *asseelada* (3.2) e *asseellada* (3.3) no notario Afonso Pérez.

58 Non hai que entender o mesmo para *desuso* (4.20), que no ms. está escrito *de suso*.

59 Cf. *possissón* (3.5,7,9) en Afonso Pérez.

60 Valla como exemplo o que acontece no Cancioneiro da Ajuda coa forma *guilla*, onde os exemplos con consoante dobre chegan a constituir un 40% do total de ocorrencias da palabra (Rodríguez Guerra & Varela 2007: 517).

Cadro IV. Representación das Fricativas Apicoalveolares en Posición Intervocálica

Documento	<s>	<ss>
1 (1255)	cousa 1, loutosa 5,8,13, desa 5, ese 6,7, uasala 6, beysada 6, cousas 8, esa 9, desuso 11,13, presentes 16, 22	Tisso 20
2 (1266)	cousa 1, casares 9, poderosos 10, ousado 12	nossa 4,9,11,12, passar 13
3 (1278)	presença 1, dejuo 1, casas 5,7, cousas 8,46, presentes 44, presente 46	asseelada 2, asseellada 3, desse 4,5,12, possissón 5,7,9, embargass[en] 10, entrasen 11
4 (1279)	cousa 1, presença 1,20, dejuo 2, pesquisador 2,3, pesquisa 4[2],6,7, 9[2],13,14[2],21,22,24,25,26,27,34, casa 4, aseelada 5, quiserdes 6, poseran 8,23,25, adusessen 9[2],26, quisessen 9, desenbargar 12, posesse 13, presente 16[2],22,33, presentes 18[2],24,37, desuso 20, aseelássea 21, desenbargado 24, aseelaría 27, disesse 32,35, quisesse 35	assý 3,5[2],10,11,12,15,17,21,25,37, uosso 5, posso 6, disso 7,14,16,20, 21,30,31,33[2],35, seuesse 8,23, fossen 8,24 ~ fosse 30, adusessen 9[2],26, quisessen 9, dessen 9 ~ dessem 26,33, seelasse 9, durasse 11, 35, guissa 12,25, disse-ron 12,15, filasse 13[2],28-29, posesse 13, enuiasse 13,14,24,29, entregasse 14, teuesse 14,34, desse (vbo.) 15,17,27, 28,31,32, adussera 16, ouesse 17,36, fezesse 20,23,31, 32, comprise 21, enprazasse 21, serrasse 21, aseelássea 21, enuiássea 21, fosse 24,26,28,29, ueesse 25[2], 28, outrosý 26,30, liurasse 26, podesse 26, pessoa 26, colesse 27, guissado 30, achasse 31, disesse 32,35, perdesse 34, tornasse 34, julgasse 34, quisesse 35, escripuisse 36
5 (1279)	cousa 1, siso 3, presente 8,24, possissón 9, quiser 15, presentes 19	posissón 9, passar 15

3.4. Representación de fricativas palatais sonoras: <i>, <j>, <y>, <g>

No emprego de cada unha destas grafías incide en boa medida a vogal que as segue. Ante a vogal central é hexemónico o uso de <i>, que só falta en *ja* (1.11; cf. ia 4.31) e en dúas ocorrencias de formas do Presente de Subxuntivo do verbo *ser* que constitúen os únicos exemplos de emprego de <y> (*seya* 2.1,16, *seyamos* 2.10)⁶¹. Pola súa banda, aparece normalmente <j> antes de vogal velar e sempre en posición inicial de palabra⁶², como nas diferentes formas do antroponímico *Xoán*, aínda que neste caso hai que precisar que se emprega a maiúscula <J>. Relativamente ao uso ante <u>, xa non é necesario indicar que ten que ver coa diferenciación gráfica fronte á vogal, con algunha ocorrencia, no

61 No mesmo documento aparece tamén a forma *sea* (2.12).

62 En *dejuo* (3.1, 4.2) téñase en conta que no ms. está escrito *de juo*.

entanto, de <i> neste contexto (iuýz 1.2, iurado 2.23, *constreniuda* 5.2). Perante vogal palatal encontramos <g>, alternando nalgún caso con <i> (puge 4.39, 5.25 ~ puie 3.47).

Aínda habería que engadir que o pergamiño de 1255 presenta algunhas peculiaridades que non aparecen recollidas no Cadro IV. Sobre a forma *beysada* (1.6) entendemos que existe influencia da escrita latina, ao igual que no emprego de <x> en *dixeron* (1.9), aínda que Tato Plaza (1999: 390) considera que ten valor palatal, caso no que constituiría o único exemplo xordo do corpus.

Cadro IV. Representación das Fricativas Palatais Sonoras

Documento	<i>	<j>	<y>	<g>
1 (1255)	iuýz 2, higreia 14, 18,19,21, ianeyro	Joán 3,4,20,21, ja 11, juýgo 12, juýzo 14		sages 12, Gil 16
2 (1266)	iaz 8, iurado 23	junias 15, <i>Johán</i> 19,20	seya 1,16, seyamos 10	
3 (1278)	puie 47	jurado 1,46, dejuso 1, jur 5,9, <i>Johán</i> 12,44, jullio 43		priuilegios 10
4 (1279)	seia 1, ia 31, iazía 32, iaz 39	jurado 1,29,39, dejuso 2, <i>Johán</i> 2[2],3[4],7,8,9, 13[3],14,15,16[2], 17,19[2],20,21,23, 24[2],25,26,28[2], 29,30[3],31[2], 32[2],35,36,37[2], 39, juýz 19, Junta 19, julgasse 34		priuilegios 4,22, puge 39
5 (1279)	seia 1,13, <i>constreniuda</i> 2, iazen 6, aia 9, ygleia 20	jur 7,9, <i>Johán</i> 21, 23, jurado 24		puge 25

3.5. Representación de africadas predorsais: <c>, <ç> / <z>

Neste punto encontramos un marcado contraste entre os pergamiños máis antigos e os da década de 70 no que ten que ver coa representación destas consoantes en posición silábica explosiva, como se pode apreciar no Cadro V. Deste xeito, no inicio de sílaba os dous primeiros documentos prefiren a grafía <z> para a representación das africadas predorsais, tanto con valor xordo como sonoro, situación análoga á que manifestan diversos pergamiños que se encontran entre os máis antigos testemuños do romance galego escrito (cf. Monteagudo 2008: 208). Só ocasionalmente se recorre a outras opcións gráficas, mais sempre perante vogal palatal e con valor xordo. É o caso de <c> (*Bocinos* 1.21, *Centroos*

2.20), un recurso gráfico vinculado á escrita latina que xa non testemuñamos con ese valor máis tarde, e tamén da opción innovadora <ç> (çen 2.14) que máis adiante será adoptada como solución hexemónica na representación da sibilante xorda.

Nos restantes textos, pola contra, obsérvase a distribución de <ç> para a africada xorda fronte a <z> para representar a correspondente sonora. Esta última grafía, ademais, xa aparece como opción única en posición final de palabra para representar a africada neutralizada en todos os documentos.

Cadro V. Representación das Africadas Predorsais

Documento	<c>	<ç>	<z>
1 (1255)	Bocinos 21		Conozuda 1, 20, dizía 6,7,8, razo- es 11, sentenza 12, juízo 14, ra- zoero 17, Gonzaluo 18 / Luz 2,11, iuíz 2, Fernándiz 5[2],9,17, 18,19[2], Oárez 16, Pérez 17, 21, Domínguez 22
2 (1266)	Centros 20	çen 14	Gonzaluo 2,22, renuzamos 4, Rrouzoos 7,9, perteezen 8, feze- ron 11, quitazón 12, fezer 13 / Fernández 3, 6,20, uoz 4,6,9, iaz 8, Pérez 20, 23, Stéueez 21
3 (1278)		presença 1, Çibrão 5,6, 8[2],9,10,13,43, perteenças 7, per- tijçian 8, Gonçaluo 11, çapateyro 44	Galliza 3, dezian 6, algazil 45 / Pérez 1 ~ Pérez 4,44[3], 45[3],46, López 2, Ramírez 11, Rodríguez 12 ~ Rrodríguez 45
4 (1279)		Connuçuda 1, presença 1, 20, çidade 1, seruiço 6[2], auondança 13, Colaço 19, çida- daos 19, Gaança 19, gradeçe- ría 21, reçeberian 25, çerto 26, çidade 39	fezeron 2, fezemos 4 ~ feze- mos 6, enprazade 5, prazo 5, fezer- des 5, fezera 7, 8,22,23,24,31, ra- zoos 10,12, 32, enpraza- ría 10,27, dizía 12,32, fazer 15,28, fezesse 20,23,31,32, enprazasse 21, dizer 21,26, razón 22, fezeran 23, enprazarian 25, fazía 29, iazía 32, enprazar 34, razoauan 37 / Pérez 2, Suárez 3[2],8,9[2],13[2],16, 23,24,24-25,25,26,28[2],29, 30, Uaásquiz 18, juíz 19, Domínguez 19, Domínguez 37, iaz 39
5 (1279)		Conoçuda 1, Garçía 1,2, perteenças 5, condiçón 9, faça 10, Colaço 22, Lourenço 22, Çella 23, çidade 24	aduzuda 2, plazer 3, iazen 6, fezeron 12, fazen 12, sa- zón 13, fezer 16, trezentos 18 / Rodríguez 2, Oárez 2, diez 18, Domínguez 19,20 ~ Domínguez 21, Pérez 22, 23[2], Páez 23, Moñiz 23

3.6. Representación das palatais lateral e nasal

Os notarios dos documentos máis antigos adoptan unha solución uniforme para a palatal lateral, mais en diferentes sentidos: en 1255 úsase sempre <l>, ao paso que en 1266 só aparece con este valor o dígrafo (cf. Cadro VI). É tamén esta a opción escollida para as escasas ocorrencias do documento de 1278, aínda que aquí é utilizado abundantemente <ll> sen valor palatal⁶³: en posición inicial de sílaba emprégase tanto con motivación etimolóxica (Galliza 3.3, pollo 3.4,5,11, tódasllas 3.8, aqueles 3.10, Callado 3.44) como sen ela (asseellada 3.3 [cf. asseelada 3.2], priuillegios 3.10). En posición final, pola súa parte, ocorren *mill* (3.43) e *Migueell* (3.44). Respecto do primeiro caso é importante atender a que a forma, debedora da forma latina da palabra, presenta un trazo sobreposto que cruza ambos os hastís da consoante xeminada, polo que admitiría unha interpretación como *mille*: a forma sen trazo aparece escrita *mil* (4.7). Sexa cal sexa a interpretación que se lle deba dar ao trazo, entendemos que é relevante a ocorrencia de <ll> final de palabra, tal como acontece na escrita doutras formas medievais como *aquell* (escrito *aq̄ll*), para explicar a xeminación consonántica non etimolóxica do nome *Migueell* (abreviado *miḡll*) como un fenómeno de analoxía gráfica con formas como as citadas⁶⁴.

En Pedro Eanes, en fin, dáse un comportamento aínda máis vacilante, cun uso indistinto de ambas as grafías no cuarto documento aquí editado (repárese no que acontece co pronome persoal átono de dativo), para optar máis claramente no quinto por <ll>. En ambos os textos emprega ademais a mesma grafía con valor diferente, mais no caso deste notario sempre xustificada pola orixe da palabra: *aquello* (4.34), *capella* (4.38), *Çella* (5.23), *elles* (4.14[2]; cf. *eles* 4.8,13[2]), *mill* (4.1, 5.18; cf. *mil* 4.7), *Uiillarino* (5.6[2]).

Cadro VI. Representación da Lateral Palatal

Documento	<l>	<ll>
1 (1255)	le 8,13, melor 9,13, la 10[2], conselo 12, moler 14	
2 (1266)		muller 3 ~ moller 5, fillos 5, lla 10, Caruallo 20
3 (1278)	lle 8[2], jullio 43	
4 (1279)	le 11[2],12,21,26,29,33,35, les 16,25, lo 21, las 30,31, filasse 13[2],28-29, senlos 17, colesse 27	Noelle 2, lle 8,9,13,23,26,27,28, 29,31,32[3], ll'os 11, lles 12, 15[3],17,36, ll'o 33[2], fillo 37
5 (1279)	Guilelma 1,25	filla 1 ~ fillo 22,23, Telleyro 6[2], tólloo 7, lle 14

63 Ao igual que ocorre, por outra parte, nos dous documentos en castelán que incorpora este mesmo pergamiño.

64 De feito, as atestacións deste pronome con <ll> que recolleemos na documentación posterior de Santa Comba de Naves aparecen invariablemente escritas *miḡll* ou *mjḡll*.

Para representar a palatalidade da nasal, no reducido repertorio de formas que presentan esta consoante, predomina a opción por <n>. Só nos documentos máis recentes aparece algún testemuño desta grafía duplicada e de <ñ>. Téñase en conta, ademais, que entre as formas que presentan o trazo sobreposto á consoante, incluímos o caso dubidoso de *Moñiz* (5.23)⁶⁵.

Cadro VII. Representación da Nasal Palatal

Documento	<n>	<ñ>	<nn>
1 (1255)	Conozuda 1, señor 8, Bocinos 21		
2 (1266)	uena 16		
3 (1278)		moýños 7	
4 (1279)	<i>companón</i> 3,16, <i>tijna</i> 11,30,35, <i>companeiro</i> 15,16, 23,33,36, señor 22,29	señor 35	Connuçada 1
5 (1279)	Conoçada 1, Uillarino 6[2], señorío 7, Martino 20	Moñiz 23	

3.7. Representación da nasal final

Como se pode comprobar nos Cadros VII-A/B⁶⁶, a elisión indicada mediante trazo sobrepuesto é a solución amplamente maioritaria en todos os documentos. Ten unha certa expresión o emprego de <n>, sobre todo na escrita de elementos monosilábicos, e aparece <-m> para formas verbais de terceira persoa de plural e nos adverbios *bem* (4.20, 5.12) e *tambem* (5.14).

3.8. Outras características da escrita

Remitimos a este apartado algúns aspectos relevantes relacionados coa representación do *vocalismo*, vinculados principalmente cos documentos máis antigos. Ademais das grafías empregadas na representación de vogais tónicas de claro influxo latino (cf. ista 1.1, vnde 1.8), é de destacar o caso da forma *razoero* (1.17) fronte ao emprego xeneralizado de <ey> no mesmo documento para a representación do ditongo (cf. *beysada* 1.6, *Codeyro* 1.15, *ianeyro* 1.16, *caualeyro* 1.16-17, *Beyro* 1.20). Non é inhabitual nas primeiras mostras do galego escrito o recurso a <e> para a representación desta secuencia tautosilábica no sufixo *-eiro*, unha situación que pode remitir á vacilación nas solucións adoptadas para a representación dun ditongo alleo ao latín na primeira escrita galega ou á incidencia de

65 Lorenzo (2004a: 456) opta por indicar o trazo en nota en patronímicos como *Moniz* ou *Núniz* (e variantes) porque “probablemente [...] este sinal carece de valor”.

66 Téñase en conta que non se inclúen na exemplificación os casos do adverbio *non* cando no ms. aparece unido ao pronome átono que o segue (nonos 4.12, nono 4.26, nonas 4.30). Pola súa banda, advírtase tamén que as formas “*nemunas*” (4.31) e “*nervna*” (4.32) no ms. están escritas *ñe unas* ~ *ñe vna*.

Cadro VII-A. Representación da Nasal Final

Documento	Trazo sobreposto
1 (1255)	mjn 2, Joán 4,20, Fernán 4,19, non 7,10[2], dixeron 9, deuían 10[2], auían 10, foron 16, uiron 16, oýron 16, don 19, capelán 20
2 (1266)	don 6,22, in 8,16, nen 9,13, non 10,12,16, fezeron 11, çen 14, Martín 23
3 (1278)	viren 2, mjn 1, Ffernán 2, outorgaron 4, dezían 6, entregauan 6,8, con 7[2], metían 7,9, pertijçían 8, encoutaron 9, Johán 12,44, tomaron 12, entraron 12, foron 44
4 (1279)	viren 1, mjn 1,2,3,4,7,17,20,36, Johán 2[2],3[4],7,8,9,13[3],14,15,16[2], 17,19[2],20,21,23,24[2],25,26,28[2],29,30[3],31[2],32[2],35,36,37[2],39, fezeron 2, companón 3,16, cun 3,8,13[2],23[2],24,29, ~ con 14,27[2],29, 36, aparescan 5, ben 6,22, 30,32,34,35[2], non 6[2],8,10,11,12,14,15, 16,22,23,24,26[2],27,28[2],30,32[2],33[3],34, 35, poseran 8,23,25, darían 8,14,23, nen 8, 12,14,23,26,30[4],32,33, 34 ~ nenunas 31 ~ nenuna 32, fossen 8,24, adusessen 9[2],26, quisessen 9, senón 9,11,22,26, dessen 9, comprían 12, entón 12, 14[2],15,16,21,25[2],27[2],29,31,32[2],33,35, responderon 12, disseron 12, 15, yrian 13, farían 13, pediron 15,17,36, estauan 18, foron 18,37, Ffernán 18, escripuán 18, razón 22, fezeran 23, enprazarían 25, reçeberían 25, razoauan 37, protestauan 37
5 (1279)	non 2, nen 2, cun 3,4,5,13, iazen 6, mjn 8, condición 9, fezeron 12, fazen 12, alguén 15, foron 19, Martín 19, Johán 21,23, Viuián 21,23, Ffernán 22, Cotón 23

Cadro VII-B. Representación da Nasal Final

Documento	<n>	<m>
1 (1255)	ujren 1, Joán 3,21, in 7, conuén 8, dían 13, San 14	
2 (1266)	uiren 1, don 2, con 2, conuén 7, in 8,14, perteezen 8, ningun 11, quitazón 12, San 19, capelán 21-22	
3 (1278)	Sabian 1, en 1,3,7,43,47[2], don 2,3,4,24,45, vn 4, San 5, 6,8,9,10,13,43, possissón 5, 7,9, contén 10, entrassen 11	[cha]mam 4-5
4 (1279)	en 6,8[2],9,11[2],13,16,18, 19,23[2],24,25,27,28,35[2], 36,37,38,39[2], un 8[2],9,13, 23[2],29[2],30, sen 8[2], 23[2], don 19, 20, Golín 19	oýrem 1, bem 20, seelala ýam 25, enuiala ýam 25, dessem 26,33, fosse 30
5 (1279)	en 6,8,13[2],15,16,17[2],21, 26, possissón 9, sazón 13, San 20[2],	uirem 1, oýrem 1, bem 12, tambem 14

modelos casteláns na emerxencia do romance escrito (cf. Boullón & Monteagudo 2009: 33)⁶⁷. Menos dúbidas caben no caso de *diez* (5.18), onde dificilmente se encontra unha explicación fóra da influencia da escrita castelá.

Aínda en relación con grafías de referencia vocálica, hai que destacar as alternancias na representación das vogais átonas, unha vez máis apreciables sobre todo nos documentos máis antigos e na serie palatal. Se, por unha parte, o emprego de <i> ou <j> na escrita de formas como *in* (1.7, 2.8,14) ~ *in* (2.8,16) ou *jna* (1.15) se debe a incidencia do modelo escrito latino, xa nas formas *intindúdalas* (1.11)⁶⁸, *móuil* (1.14) ou *imbargar* (2.10) cabería considerar se a representación empregada alude ao timbre das vogais, o mesmo que no emprego de <u> en *cun* (4.3,8,13[2],23[2],24,29, 5.3,4,5,13), que convive coa escrita con <o> (con 4.14,27[2],29,36). Nada ten que ver coa influencia latina, pola súa banda, o uso de <au> na forma *Aurense*, variante da palabra con fundamentación fonética no contexto “de Santiago a Aurense” (4.11,22).

A pegada latina, ao igual que pode estar presente nalgunhas formas que acabamos de citar, maniféstase na escrita de palabras como *dicto* (1.11,13) ou *sub* (4.20), e en abreviaturas tales como *klās* (*caendas* 2.15) ~ *kls* (*caendas* 5.17), *iōhis* (*Eanes*) 4.17,19,20,36,37) ~ *iōh* (*Eanes* 5.22) ou *pīz* (*Páez* 5.23)⁶⁹. Aínda debedoras do modelo latino na escrita da sílaba inicial da palabra, testemuñanse as formas *Stéueez* (2.21), *scriuj* (2.23), *spe[çialmente]* (3.1).

Xa no plano puramente gráfico, o emprego de <h>⁷⁰ é vacilante en *Joán* (1.3,21) ~ *Joán* (1.4,20) fronte a *Johán* (3.12,44, 4.2[2],3[4],7,8,9,13[3],14,15,16[2],17,19[2],20, 21,23,24 [2],25,26,28[2],29,30[3],31[2],32[2],35,36,37[2],39, 5.21,23), *omes* (1.12) ~ *ome* (4.13[2], 14[2],29,30,37) fronte a *home* (2.22, 4.3), *herdamentos* (3.8) ~ *herdamento* (3.9,10) fronte a *erdamento* (5.4,5,7,9,10[2],14), *hu* (4.7) fronte a *u* (4.8, 9[2],23,25,26[2],27). Levan aínda a grafía *higreia* (1.14,18,19) e *herdade* (2.7), e prescídesese dela en *Eanes* (1.20, 2.2,5, 3.12,44, 4.1,2,37,38,39, 5.22,24) e para as diferentes formas do verbo *haber* (auja 1.7,8,9 ~ auía 4.29, auían 1.10, ouesse 4.17,36, uería 4.30, uer 4.30, ey, 5.5,7,14, aia 5.9, ouer 5.14) xunto ao substantivado *auer* (1.9,13).

67 Veiga Arias (1983: 137), tratando de testemuños anteriores ao século XIII, explica que “por contaminación de *-ariu / a y -eiro / a* sale el sufijo *-erio / a* [...] y de la contaminación en segundo grado del sufijo *-erio / a* y el romance *-eiro / a* sale *-ero / a*”.

68 Repárese no paralelismo coas formas tipo *cunuzuda* dos primeiros documentos romances (v. Boullón & Monteagudo 2009, s. v. [conocido]).

69 Nos criterios de edición facemos referencia a estas e outras abreviacións e á súa vinculación á escrita latina.

70 Deixamos á parte o seu emprego nos dígrafos <ch>, que aparece como única representación da africada palatal (Fechas 1.18, Sancha 2.5, chamados 2.18, chamadas 3.2, 5.19, chã 4.3, chegaría 4.9, chamadas 4.18, achasse 4.31) mais tamén se usa en *choro* (4.19), e <th> (Bartholomeo 2.22, Thomé 4.37).

4. EDICIÓN DOS DOCUMENTOS

4.1. Normas de edición

Seguimos fundamentalmente as orientacións establecidas en Lorenzo (1988). Respectamos, así, as grafías tal como aparecen nos documentos, ao tempo que resolvemos as abreviaturas normalmente sen indicación, coas excepcións que se indican máis abaixo, e se actúa nun sentido modernizador noutras dimensións editoriais (puntuación, acentuación, unión e separación de palabras). Na exemplificación non discriminamos as formas dos textos en galego daquelas que proceden de documentos en castelán, a non ser que sexa de interese diferenciar ambas.

4.1.1. Abreviaturas

Os elementos braquigráficos do texto resólvense por regra xeral sen cursiva, empregando o itálico e, se procede, a anotación no caso de non existir certeza sobre o desenvolvemento ou o aconsellar a variación que presenta a forma durante o período medieval. Exceptúanse os elementos onomásticos, que en todos os casos se resolven con indicación en itálico das restitucións, pois entendemos que, para quen se aproxima ao estudo destas formas, é da maior importancia saber se se trata de atestacións plenas ou abreviadas. Comentamos a seguir algúns aspectos relativos ás abreviacións distribuídos polos diferentes procedementos braquigráficos empregados.

1. Sinal xeral de abreviación

Non se sinala a resolución cando vale por *e* (ante, de, desa, ende, fezesse [no ms. fez̄sse], moler, sobre), agás nos nomes propios (Bartholomeo 2.22, Rodríguez 3.12, Orense 3.15). Este é o valor que lle outorgamos, mais agora usando o itálico, en *omes* (1.12)⁷¹, o mesmo que para o castelán en *alcales* (3.14) ~ *allcalles* (3.20)⁷².

Co valor de *consoante nasal implosiva*, desenvólvese como <n> tanto en posición interior como final de palabra (respecto desta última posición, véxase o apartado 3.7)⁷³. Só se vai seguida de consoante oclusiva bilabial se transcribe <m>, de acordo co uso predominante nos documentos, aínda que tamén se testemuñan <nb> (anbas 3.3, desenbargar 4.12, desenbargado 4.24) e <np> (enprazade 4.5, enprazaría 4.10,27, enprazasse 4.21, enprazarían 4.25, enprazar 4.34). Do mesmo xeito se procede no caso de calquera abreviación

71 Na forma de singular de palabra aparece cun trazo sobreposto (omē 4.13[2], 14[2],29,30,37) que eliminamos apuntando este feito en nota e que non se emprega en *home* (2.22, 4.3).

72 Marcamos tamén o desenvolvemento como *ie* en *tierra* (3.35).

73 É o valor que lle damos en *perteenças* (3.7; cf. *perteenças* 5.5), *quinentas* (3.29,39) e *cóongo* (4.37).

que implique unha nasal en posición posnuclear, sexa mediante trazo xeral (Santa Coomba 3.4,10, boamente 4.9,10,22,24,28,33, mandamentos 4.11,35, *compridamente* 4.12, instrumentos 4.17, mandamento 4.29) ou a través de sinais abreviativos⁷⁴. Pola súa parte, co valor de *n* explosivo é empregado nas formas castelás *Estéuano* (3.2,3,24[2],43,45), *omnes* (3.25) e *bona* (3.26), así como no galego *Munio* (3.45).

Usado o sinal xeral con *outros valores*, non se marca o seu desenvolvemento en casos como *an̄* (ante 2.15), *ob̄pado* (obispado 3.15), *sal̄t* (salut 3.15,25), *lib̄r* (libras 3.29,39). Para outras formas con ampla variación medieval, emprégase o itálico. Nas abreviaturas *m̄r* (*morauidis* 2.14) ~ *m̄or* (*morauidis* 3.20,42, 5.17), sen representación plena, a resolución é convencional. Si hai testemuños sen abreviar (cf. *testim̄uyas* 3.1,44, [*teste*]muyas 4.1-2 ~ *testemuyas* 4.18[2],37, 5.19) das contraccións *tes̄s* (*testemuyas* 2.18)⁷⁵ ~ *is̄* (*testim̄uya* 3.47). Para o castelán *grācia* (*gr̄a* 3.13,15,25), sen grandes dúbidas sobre o seu desenvolvemento, adoptamos a cursiva ao non ocorrer por extenso, o mesmo que no caso das formas do posesivo *uuestros* (3.31) ~ *uuestra* (3.32).

Cando existe un desaxuste entre a abreviación e o desenvolvemento, caso do emprego de abreviaturas vinculadas á tradición escrita latina, márcase a resolución en cursiva e indícase a forma do manuscrito en nota⁷⁶: *s̄ca* (*Santa* 1.3, 3.27,29,38, 4.2,4,8,20,34, 5.4,7,21) ~ *s̄co* (*Santo* 1.20) ~ *s̄ciago* (*Santiago* 4.11,19,22), *kl̄as* (*caendas* 2.15) ~ *k̄ls* (*caendas* 5.17)⁷⁷, *iōh̄is* (*Eanes* 4.17,19,20,36,37) ~ *iōh* (*Eanes* 5.22)⁷⁸, *p̄lz* (*Páez* 5.23). Non actuamos do mesmo xeito en *n̄ro* (*nostro* 2.16), aínda que cabería darlle un tratamento idéntico ás formas que acabamos de comentar e resolver “*nosso*” (cf. no mesmo documento o posesivo feminino *nossa* 2.4,9,11,12). Aínda habería que comentar o caso de forma *ē*, única representación empregada nos documentos para a P3 do presente de *ser*, que na escrita latina abrevia *est* e que lemos *é* (3.13,24,47, 4.17,18,36, 5.19) indicando en nota a sobreposición do trazo. No entanto, non son en absoluto estrañas á documentación medieval formas como *est* ou *este*.

74 Caso da abreviatura de *con* (*conuento* 1.3 ~ *conuento* 1.13, *conselo* 1.12, *con* 1.12, *contra* 2.12, 3.16, 5.15, *complidamente* 3.39 ~ *compridamente* 4.12 ~ *compridamente* 5.3, *compañón* 4.3,16, *comprir* 4.6, 11[2],16,22,27,29,32,33,34,35,36, *comprian* 4.12, *companeyro* 4.15,16,23,33,36, *comprise* 4.21, *consuu* 4.23,25, *constreniuda* 5.2, *condición* 5.9) e *quan* (*quantos* 4.1, *quanto* 4.5,11).

75 Aquí a resolución atende á forma máis atestada neste conxunto documental. Con todo, téñase en conta que cabería interpretar a abreviatura como latinismo (*testes*), unha vez que as formas que con ela concordan na frase están en masculino.

76 Téñase en conta que na abreviación *d̄co* ~ *d̄ca*, a miúdo difícil de diferenciar de *d̄io* ~ *d̄ia*, resolvemos ambos *dito* ~ *dita* sen máis indicación, ao igual que *d̄cho* (*dicho*). Sen abreviar normalmente úsase *dito/a* aínda que, como xa se indicou, poden darse formas como *dicto* (1.11,13).

77 No referente ao tratamento das abreviaturas desta palabra, seguimos as indicacións que se dan en Lorenzo (2004a: 457-458).

78 Sen abreviar aparece en todos os documentos *Eanes* (1.20, 2.2,5, 4.1,2,37,38,39, 5.22,24), en ocasións cun trazo sobreposto (cf. 3.12,44) ao que non atribuímos valor.

No referente aos *elementos onomásticos* xa foi dito que sempre se transcriben en itálico os fragmentos restituídos: Alffonso (2.18)⁷⁹, Ourense (2.23, 3.12,25) ~ Ourense (3.1,25,40,46), Castiella (3.13), Fernández (2.3,6,20) ~ Fernández (3.24) ~ Ffernández (4.37), Rrodríguez (3.35,45), Migéллеz (3.43), Migueell (3.44), Uaásquíz (4.18), Domínguiz (4.37, 5.19,20)⁸⁰. O patronímico de *Martiño*, que non se testemuña por extenso, resólvese convencionalmente nas abreviaturas *mar̄t* (Mart̄iz 1.4[2], 3.2; Martínez 3.18), que tamén se usa para o prenome (Martín 1.17[2], 3.45), e *m̄r* (Mart̄iz 2.19,20).

Non lle outorgamos valor, en fin, ao sinal xeral de abreviación noutros casos, ademais do xa referido de *ē*, mais si rexistramos a súa presenza en nota. Neste sentido, destácanse os textos en castelán polo número de ocorrencias: quaes (3.3), Eanes (3.12,44), Jahén (3.14), conceios (3.14), merinos (3.14), rregallengo (3.15), como (3.15,18,19,26,30,34,38,39), abbadengo (3.15), Abrahán (3.15), yerno (3.16), rregno (3.16), descaminadas (3.17), algunhas (3.19), pena (3.20), çient (3.20,42), mill (3.23,29, 39,42,43, 4.1, 5.18), conçello (3.24), alcaldes (3.25), Columba (3.27), nengunas (3.36), derecho (3.37), nenguno (3.40), anos (3.44, 4.1, 5.18), signo (3.47), rrogo (?) (4.7), ome (4.13[2],14[2],29,30,37), dona (5.2,25), alguna (5.16), ao (5.16).

II. Sinais abreviativos e modificacións literais

Non se considerou relevante indicar en ningún caso a resolución de abreviacións como as de *ur* (dereyturas, uentura⁸¹) ~ *or* (outorgo, por), *que* (aquele, aquela ~ aquela, aquilo, aqueles, aquesto, que, quebrantados ~ quebrantados, quebrantamiento, querer, quería, querría)⁸², *pre* (preito, prelado, presenza, presente/s, sempre), *pro* (propia, protestauan, prouechos) e *ser* (seruiço, seruiría). Constitúe excepción o caso do sinal tironiano (transcríbese *e* en cursiva), xunto a outras formas que se comentan a continuación.

— *Abreviatura de er ~ re*. Ademais das formas galegas (termio, uerdade, uerbo) e castelás (herederos, merjno ~ merinos, mester, portero) en que surxe cun dos seus valores habituais⁸³, aparece en formas en que serían posibles ambas interpretacións e por iso van en itálico (*entrega* 3.6,8,11, *entregauan* 3.6,8, *entregasse* 4.14; *clérigo* 4.18,19,38, 5.21⁸⁴); para o castelán *entregue* (3.26,29-30) non usamos a cursiva atendendo ás formas sen abreviar (*entregas* 3.18, *entrega* 3.19,36, *entregar* 3.38). Polo mesmo motivo, tampouco

79 Este prenome aparece en castelán como *Alfonso* (3.13) e en galego está escrito *Afonso* (3.4), *Afonso* (3.1,46) e *Afonso* (4.20).

80 A resolución ten en conta a ocorrencia de *Domínguiz* (4.19, 5.21) no mesmo notario.

81 O segmento *ur* abréviase mediante sobrescrita de *r* en *uentura* (4.4,26,34).

82 É rara a escrita como *qe* (qe 2.2, aqesto 2.11).

83 Úsase tamén co valor de *er* o trazo sobreposto en *fezertes* (4.5), *fazer* (4.15,28), *dizer* (4.21,26), *plazer* (5.3), *fezer* (5.16).

84 A palabra, que coñeceu múltiples formas no período medieval, admitiría unha lectura como *créligo*. En *clérigo* (2.19) ~ *clérigos* (3.12) a elisión aparece sinalada mediante trazo xeral.

- se marca a resolución de *notario*, que pode aparecer abreviado *not*⁷ ou *nōt*, mais si o emprego do sinal co valor de *eyr* (*porteyro* 3.2[2], *porteyros* 3.6,9)⁸⁵.
- *Abreviatura de per ~ par*. Das formas en que ocorre a abreviación (amparado, parte/s, partidos; perdesse, permeesca, perteenças ~ perteenças, perteezen), só se marca o seu emprego en cursiva para as preposicións *per* e *para*, xunto aos apelidos *Pérez* (2.20, 3.1,4,24,44[3],45[3],46, 4.2, 5.22,23[2]) e *Periquino* (4.37).
 - *Abreviatura de os ~ us*. Transcríbese sempre en itálico como *os* (Bocinos 1.21, quitamos 2.3, renuzamos 2.4, seyamos 2.10, mandamos 2.17, quebrantados 4.4, fizemos 4.6, ámbolos 4.14, ambos 4.23), agás nos posesivos *seus* (4.11) e *meus* (5.14).

III. Abreviación por letra sobrescrita

Deixando á parte o caso da sobreposición literal nos numerais, que se conserva, cando se usa a sobrescrita vocálica para elidir *r* ou *u*, non se sinala o desenvolvemento, coa excepción dos nomes propios (Centros 2.20, *Periquino* 4.37):

contra, enprazade, enprazaría, enprazarían, enprazasse, entrassen, estragaría, outras, outra/s; *compridamente*, *comprir*, *comprise*, *escriptas ~ escritas*, *escripuán*, *escripuj ~ escriuj*, *escriuisse*, *escriuir*, *prior*, *priuilegios ~ priuilegio/s*, *sobrescripto*; *dentro*, *otro/s*, *outro*; *estruento*.

qual/es, *quando*, *quanto/s*; *pesquisa*, *pesquisador*, *quieren*, *quinentas*, *quiser*, *quiserdes*, *quisesse*, *quisessen*.

Na escrita contracta dos prenomes, por outra parte, é habitual o recurso á sobreposición vocálica, como nos casos de *m^a* (*María* 1.9), *p^o* (*Pedro* 2.18, 3.12, 3.18,43,44[2],45, 4.2,17,19,20,36,39, 5.24), *d^o* (*Domingo* 2.18), *R^o* (*Rodrigo* 2.20). Empréganse tamén as siglas *J* (*Johán* 2.19,20,21) e *P* (*Pedro* 2.21).

Pechamos o apartado dedicado á braquigrafía chamando a atención sobre dous aspectos relativos á data do documento de 1255. Tal como se advirte na edición, aparece sobre o *M* un símbolo en forma de áncora que entendemos alude ao valor de numeral da letra á que acompaña, aínda que non o encontramos nos diferentes repertorios de abreviacións e símbolos consultados⁸⁶. Cómpre tamén apuntar que na mesma data se emprega o chamado “*x* aspado”, que transcribimos como *XL*.

85 De xeito semellante operamos na resolución de *çapāt* (*çapateyro* 3.44).

86 Boullón & Monteagudo (2009: 110) len *M^h*, interpretando que se trata dun símbolo que valería por *il*, ao tempo que Souto Cabo (2008a: 67) transcribe simplemente *M*.

4.1.2. Outros aspectos editoriais

Obsérvanse os usos actuais no referente á unión e separación de palabras, empregando o apóstrofo para marcar as elisións de *e* e, en menor medida, *o* non conformes coa escrita moderna tanto galega como castelá:

d'Ourense ~ d'Ourense ~ d'Ourense ~ d'Ourense, d'abril, ll'os ~ ll'o (*pron. per. átono + artigo*), d'ámbolos, entr'el, d'alý, d'el⁸⁷; Pedr'Eanes, tod'esto.

pecharm'ie, qu'el (*conx. + pron. per. átono*) ~ qu'él (*conx. + pron. per. tónico*).

Actualízase tamén o emprego de maiúsculas e minúsculas, agás no caso de *R* que se transcribe *rr* ~ *Rr* segundo corresponda. Do mesmo xeito procedemos cos sinais de puntuación, ademais de paragrafarnos o texto conforme aos usos modernos. No referente á acentuación, onde seguimos o mesmo criterio, cómpre advertir que, en consecuencia, non se conservan na transcripción os acentos, simples ou dobres, do manuscrito. Entendemos que o uso das plicas, ou mesmo un único acento, está vinculado máis ben coa representación de hiatos, sexan estes homorgánicos ou non. A título de exemplo sobre o emprego deste signo nos manuscritos, podemos atender ao que acontece co documento 5, onde se usa o acento duplicado sobre grafías dobres (τ áá fonte 5.4, ptéénças 5.5, tollóó 5.7, móesteyróó aía 5.9, remíjmeto 5.11, béés 5.14, ouúer 5.14, pááqsto 5.19, béésteyros 5.21). Pola súa parte, o acento simple, se deixamos a un lado o seu emprego como signo de puntuación acompañando ao punto, ademais de aparecer normalmente sobre <i> e <j>, surxe en hiatos non homorgánicos e vogais illadas (óarez 5.2, uóentade 5.3,10, meto ó dító 5.8, móesteyro 5.8,11,12,13,16, móesteyróó aía 5.9, áo 5.11, ou á britar 5.15, bóa 5.17, móeda 5.17, reuordáos 5.20, éanes 5.21,24, τ á rogo 5.24).

Indicamos, por fin, o valor dos símbolos empregados na edición, advertindo que os entreliñados se sinalan en nota:

[]: texto restituído por estar rompido o documento, non se ler ou faltar no manuscrito. A causa indícase en nota.

[...]: texto que non é posible ler nin restituír con seguridade. O motivo vai apuntado en nota.

(?): lectura dubidosa.

/: mudanza de liña.

||: identifica elementos figurativos do pergamiño, en concreto os sinais notariais.

87 Cando a preposición introduce unha oración de infinitivo: “se *per* uentura o moesteyro de Santa Coumba, onde el era prior, perdesse seu dereyto *per* mingua d'el non querer *comprir* a carta del rrey” (4.34).

4.2. Texto dos documentos

A transcripción dos documentos vai precedida da data cronolóxica e, se se explicita no pergamiño, da tópica, indicando entre parénteses as referencias espazo-temporais relativas aos documentos incluídos. Logo do sumario, infórmase da referencia arquivística, das edicións e rexestos de que foron obxecto os documentos, así como os estudos en que aparecen aludidos. Ao pé do texto do documento, antes das notas, indicamos nos documentos 1 e 2 as diverxencias máis significativas respecto das edicións de Souto Cabo (2008a; SC) e Boullón & Monteagudo (2009; BM); obviamente, non se inclúen aquelas que teñen que ver con diferentes opcións editoriais. No referente aos símbolos empregados por outros editores, cómpre advertir que Souto Cabo (2008: 21) usa <> para “leituras problemáticas sobre as quais não foi possível uma certeza absoluta”.



1255, xaneiro, 4. Igrexa de San Pedro de Cudeiro.

O xuíz Oveco Luz sentencia a favor do prior e do convento de Santa Comba a contenda con Xoán Fernández de Val de Grou sobre a loitosa de María Fernández de Barro.

A.- A. H. N., Clero, Ourense, Naves, c. 1506, nº 9.

ED. SOUTO CABO, *Documentos*, 66-67; BOULLÓN / MONTEAGUDO, *Documentos*, 109-110.

Conozuda cousa [seia]^[1] a todos aqueles que ista carta ujren que co[mo ueo]^{[2]/2} a contenda ante mjn, Oueco Luz, iuíz de Búual e de Temejs, ontre o p[rrior]^{[2] /3} de Santa Coumba, por si e por seu conuento, da una parte, e Joán Fernánd[iz]^{[2] /4} de Ual de Grou, por si e por Joán Martíz e por Fernán Martíz e por toda /5 parte de María Fernándiz de Barro, sobre loutosa desa María Fernándiz, /6 que era morta. E ese prior dizía ca era súa uasala de mao beysada /7 [e]^[3] que moraua in Barro, que era seu couto, e ese prior dizía ca non auja outro /8 senor; vnde por estas IJJ cousas dizía ca le auja a dar a loutosa, conuén /9 a saber, o melor auer que auja esa María Fernándiz. Da outra parte dixeron /10 ca la non deúan por dar, ca auían carta per que la non deúan por dar.

